

REXURDIMENTO

2.ª ÉPOCA

ORGÃO DA
I. N. G.

1923

OS NAZONALISTAS, SEGUN SOCIALISTAS E COMUNISTAS

PRA aqueles que inda coidan que o ideal nazionalista é reacionario e antidi-democrático, publicamos as seguintes liñas que son pensamentos de «leaders» da democracia e do internacionalismo universal.

Jaurés, o mártir da paz europea, dixo: «Non é posibrel que ós proletarios lles sexa indifrente a independencia das nazóns no estado presente do mundo. A unidade humana realizaríase na escravidoute se fose o froito da ausorción de tódal-as nazóns vencidas por unha nazón dominadora; a unidade soilo pode creárese na libertade pol-a federación das nazóns autónomas.»

Vandervelde, o apóstol do socialismo belga, dixo: «A Internacional non ha ser unha masa mol, unha papilla de nazóns descompostas, senón a libre e armónica federación de nazóns autónomas. A libertade e a orixinalidade das patrias son percisias ó crecemento do proletariado e á riqueza variada do xenio humano.»

O coñecido socialista alemán Bebel, dixo: «A cultura e o desenvolvimeto da civilización d'un pobo soilo poden evolucionaren favorevemente na libertade e na independenza, e c'oa axuda da língua materna.»

O castelán Largo Caballero, dixo: «O nazionalismo é a base do internazionalismo. O nazionalismo é unha das etapas que hai que recorrere pra chegare ó internazionalismo.»

O andaluz Fernando de los Ríos, dixo: «O internazionalismo ha ser un ideal tanto mais rico, tanto maior sexa a función viva que drento d'él desempeñen as unidades nazonaes.»

Asemade, o Partido Socialista Hespañol, como é sabido, ten xa drento do seu programa a Confederação repubricana das nazonalidades ibéricas.

Pro inda hai mais. O «Manual comunista» que contén as tesis presentadas pol-o Comité central da Terceira internacional ó Segundo congreso mundial do partido comunismo, di, con relación ás cuestións nazonaes, o seguinte: «Que pode suxerirse como obriga da Terceira internacional o estudo da formación

de Estados soviéticos, admitindo a federación coma tránsito necesario mientres non chegue o caso de establecer pol-o soviet a igoaldade entre nazóns, tódolos partidos comunistas deben emprestaren axuda directa ós movementos revolucionarios das nazóns dependentes ou asoballadas, e nas colonias, como Irlanda, Exipto, a India, Armenia, etc.

Derradeiramente, o apóstol do bolchevismo Lénine, dixo: «Non se pode menos de reconocere o sagro dreito dos pobos a dispón de si mesmos, e non hai nengún principio liberal que xustifique a oposición ó desexo d'un pobo de ser libre e de se gobernar de seu, pol-a sua propia vontade, segúrn as suas condicións e a sua propia natureza.»

Por iste camiño, restituindo «cada pobo as suas propias fronteiras», o imperialismo finaria, finarian as raposeiras políticas coloniaes e a paz poderíase asegurare. Entón cada pobo constituido eon arrebro á sua vontade, velaría pol-o respeto á autonomía dos mais pra que se lle respetase a propria. E d'isto nascería a única e verdadeira solidariedade internazional. (Ollese o libro «Doutrina Nazonalista» de Ramón Villar Ponte que esprica estes problemas craramente.)

Agora ben: Galiza, pobo de persoalidade propia, é esclavo espiritoal e materialmente do Estado hespañol, cecais por selo o pobo peninsular que ten mais caraterísticas de nazonalidá. Roubáronlle tódolos dreitos, quérenlle arrincar a i-alma, suprimíndolle a sua fala base de cultura orixinal.

E Galiza, mientres non poida dispón dos seus destinos libremente, pol-a incompatibilidá da sua economía librecambista coas economías das rexións hespánolas que percisan protección arancelaria, sendo a única que independente viviría millor que xunguida a ningúen, resulta a soila escravizada e esprotada coma unha colonia, sin posibilidade d'un súpero progreso europeu, en tanto non sexa libre pra se rexire por si mesma.

FEBREIRO

1

O feito, nunca d'abondo comentado, de que a Academia Gallega delegase en xentes de Madrid, inda que algunas sexan nadas na Galiza, o dreito a fallaren no concurso de proxectos pra o monumento a Curros que se ha erguer na Cruña con cartos galegos, equival a reconecere unha inferioridade no entender das cousas de arte en cantos viven e traballan no chán patrio.

Súpón un xeito de rebaxamento dos galegos da Galiza, escomenzando polos mesmos académicos, fondamente antipatriótico, inxusto e vergoñoso.

Nun abondaría toda auga do Miño pra Xordán d'esos aldraxadores da nosa cultura. ¡Bo xeito de traballar pol-a autonomía galega! Si Curros criador da Academia erguese a cabeza!

Xogos froaes

EN BETANZOS

Na imprenta de M. Villuendas fono levados ao prelo os traballos premiados nos Xogos froaes, orgaizados pol-a antiga Irmandade da Fala de Betanzos, no ano 1918. Os orixines recolleitos forman un feituco librío valorado con fermosas ilustraciós.

Eis o texto do citado libro:
 Canto a Galicia, accésit, por D. Francisco Sánchez García
 Reseña histórica dos moimentos e obras d'arte qu'eisistiron y-eisisten en Betanzos, premio, por D. A. del Castillo.
 O problema agrario en Betanzos, premio, por D. L. Peña Novo.
 Influenza da lingua galega na formazón do castelán, premio, por D. Eugenio Carré Aldao.
 Eisixenzas ferroviarias da Galiza e a necesidade de resolver este problema, premio, por D. Constante Amor Neveiro.
 Discurso de Vázquez de Mella.
 Terra a Nosal por D. Rodrigo Sanz

Na citada imprenta háchase á venda o preço de ptas. 1'50.
 Mándase o librío a quien o solicite, previo o xiro do seu importe mais o gastos de correo.

Imprenta de M. Villuendas
 Valdonsel, 48 - BETANZOS

POEMIÑAS SINXELOS

Como a fontela crara...

Como a fontela crara que canta ó sol a dita de se dar a todos, deixá que a tua alma, meu meniño, brile no medio da luz que se espalla encol da terra.

Deixa que todos poidan por un istante calmal-a sede co'a que esligan, que si ó cabo do dia un camiñante, un soilo atopa no teu ben axuda e forza pra seguir adiante, abonda isto pra que a tua lembranza non se esmoreza.

Tes de ser como a auga crara, como a auga que ten para todos sua bondade e non coida quen sexa o que a aporveita e anda a se dar ós homes e ás froliñas galas e ás bestas fortes.

E si te firen e te enlixan cantos non te percisan, ti non deixes de correr e cantare. Cobre as fuchancas do camiño c'o'leo ben, e has vere como se tornan espellos onde baixan a se ollaren as estrelas do ceo pra que os que pasan sin fitar pra riba poidan saber de Deus.

Tes de ser como a auga crara que deita no camiño, cantando ó sol a dita de se dare e ten sempre a sua bondade pra os homes e as bestas e as herbiñas.

D'este xeito faloulle o vello ó rapaciño. E despois de bebere, ollando ó ceo, dixo: ¡Loubado sexa El Siñore que a da!

MÁXIMO RAMOS.

SEICIÓN OFICIAL

I. N. G. Xefatura Suprema.

CIRCULAR

Prevendo as continxencias d'unha loita eleitoral que s'aveciña, esta xefatura lembra a todolos irmans afiliados que a I. N. G. é nemiga de todolos partidos polítecos hespaños, cuia actuación en Galiza e cuias doutriñas corruadoras da opinión galega, reproba e condena.

Lembra, pol-o tanto, esta xefatura a todolos irmans afiliados e a todal-as Delegacíós e Subdelegacíós da I. N. G. nas distintas vilas d'adentro e d'affora do terreo da Naçon Gallega, os acordos da Asambreia Nazonalista de Monforte que veñen ao caso, especialmente:

I. O de que ningún irmão afiliado á I. N. G. pode pertenecer ao mesmo tempo a outro partido, ou agrupación calquera de caraute políteco.

II. O de non tomar parte en elecios presentando candidatos ou axudando a candidato nin candidatura algunha, sin acordo do xefe da Asambreia.

III. O de votar escrusivamente a un nazonalista ou o nome do xefe.

IV. O de non poderen manter relacíós con elementos polítecos de ningunha clás, como non sexa por intermedio da xefatura.

E prevense que calquer irman, Delegación ou Subdelegación que faga declaracíós de caraute políteco, axude campañas ou d'outro xeito calquera contraveña os acordos terminantes da Asambreia de Monforte, será botado fora da I. N. G., achándose todolos irmans obrigados a denunciaren a esta xefatura calquera feito d'esta clás que chegar á sua cognecencia.

Dado n-Ourense, once días do mes de Xaneiro de ano de mil novecentos vintetres.

O CONSELLIRO SUPRMO

VICENTE RISCO.

C A C I Q U I S M O

Gmovimento *anticaciquil*, cando non ten outro ideal, é a carabina de Ambrosio mangada n'un pau. Os homes que loitan á testa d'istes movimentos, son uns aspirantes a *caciques*. Probas temos d'abondo en todos os distritos que se chaman *rebeldes*, por chamárense d'algunha maneira. As virtudes que trucan ó chamado *caciquismo* son verbas importadas, verbas que sonan ben por estaren valdeiñas...

Tampouco abonda ter un ideal calquera pra loitar contr'os *caciques*, pol-a sinxela razón de que hay ideales que non-o son. Falar de *caciquismo* dende o campo *maurista*, *reformista*, *republicano*, etc. é leria e nada mais que leria. Pra creer n'ista clás de apóstolos do *anticaciquismo* compre unha fe que xa non se pode ter mais que nos Santos. A suposta superioridade moral das persoas non é garantía d'abondo n'unha terra de pessimistas...

Ganen votos pr'aas elecções, leven actas de diputados; pero non pensén que nos engayolan. Non e non.

Dispois de todo ¿qué quer decir a verba *cacique*? Pois *cacique* quer decir xefe de tribu... e na nosa Terra, por mala fada, xa non hay tribus nin hay caciques.

N'unha tribo de guerreiros o cacique sería o mellor guerreiro de todos; n'unha tribo de sablos nin que decir ten que o *cacique* sería o mais sabio de todos. Pois logo o nome de *ca-*

cique, que se ven dando ó que ten forza política, non ofende ó que exerce o chamado *cacicato* sinón ós que o soportan. Enriba de cornos, paus. Non e non; os galegos nin somos tribu salvaxe nin, anque o fosemos, nomearíamos xefes a homes sin creto e que son nemigos nosos.

O *cacique* é un home que manda pol-a forza que lle dan en Madrid. O *cacique* non-os representa a nos; representa ó poder central, e cando por bondade do seu corazón ponse da banda do pobo, perde a forza e morre esmagado pol-o seu substituto.

A *cacique* que cai *cacique* que se ergue. O tirar c'un *cacique* non é mais que unha labor de poda.

Eu propoño ós irmans na Causa que non se falde de *caciques* e que sómentes falemos de representantes do poder central.

Non sería mal inventar un nome axeitado, pois o de *cacique* aplicase xustamente ó rivés.

Quen estea conforme co poder central, causa do que se ven chamando *caciquismo*, está conforme co *cacique* e se loita contra il é que pensa sustituir-o. Loitar contr'o poder central é loitar contr'o *caciquismo* cortándolle as raíces.

Quen diga hoxe que temos o que merecemos está ben trabucado. Cando non eisista o centralismo entón si que teremos o que merecemos. E o que falo vai cos paisanos, pois os *senoritos* teñen o que lles convén ter.

CASTELAO.



Co'a morte do derradeiro "precursor" Don Manuel Murguia, Galiza enteira áchase en doo.

E o patriano que lembraremos sempre e do que sempre hemos ser tributarios espiritualmente,



Milleiros de persoas atestiguan que non hai coma o

TÓPICO KIRSEM

pra curar radicalmente as durezas e callos dos pés.

Píalo nas farmacias.

Pol-o ben de vostede, non admite outro calicida que non sexa o auténtico

TÓPICO KIRSEM



MOVIMENTO NAZONALISTA GALEGO

O Nazonalismo quer reivindical-a persoalidade e os direitos da Nazón Galega en todos os ordes. Iste movemento naceu a mediados do século pasado, na era dita dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutrina en 1880 por Alfredo Brañas, e orgaizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asamblea nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que se estableceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asamblea nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte concencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquerirmos a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segredario Xeneral.

Ten Delegaciós na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Vigo e Bayona, en Madrid e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algúns elementos d'ela pubrigan n'Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGA no Ferrol.

Quen deseja informaciós tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.

No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rua de Dolores.

N' OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.

En SANTIAGO a Victoriano Taibo, Garage Núñez.

En BETANZOS a Paulino Naveira, Pardiñas, 4.

En MONFORTE a Banet Fontenla, notario.

En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.

En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, II,

En MADRID a Lois Cortón, Blanco de Garay, 50.

Na HABANA a Manuel Blanco Pascual.

En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rua do Brasil, 1.084.

En PONTEVEDRA a Castelao.

En LUGO, Julio López, Abastecimiento d'Augas.

En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte.

En LÍVERPOOL, Joaquín Peña, 71 Belgrave Road.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de "Rexurdimento", a quen os solicite.



Do progreso galego e da grande urbe.

O Ferrol axiña terá tranvías eléctricos que o unirán con Jubia. A Cruña xa os estableceu deica Sada. Tamén os vai ter Pontevedra. Os de Vigo hai ideia de os levare a varios pobos da comarca. Din que o tren eléctrico entre a Cruña e Santiago han ser un feito lago. Inda que posenñamente trabállese no ferrocarril da Costa. Galiza, pois vai progresando no orde material.

Isto das comunicacions e de fonda importancia. Encol de todo o tren eléctrico da Cruña a Santiago. Porque d'eisistire, as tres vilas da Terra que mais nos convén que se relacionen, ficarian polo doado do viaxe entre eles, en xeito de mutuas relacioes espiritoaes cotians. (Refírimonos a Vigo, Santiago e a Cruña.) En xeito de relacions internas, galegas e só galegas, que obrigarán ás compañias ferroviarias extranxeiras a melloraren notablemente seus servizos.

Isto importanos mais que o da grande urbe. Achamonos conforme co'a opinión do noso xefe Vicente Risco. Opinión que agora nos parece mais sabia qua nunca, desque límos que Cambó, no discurso derradeiro que pronunciou en Barcelona, tivo que afirmare que, en caso de que Cataluña fose independente, perxudicaríalle sendo pobo de tres millóns de habitantes contar c'unha urbe pra capitalidade d'un millón d'almas, coma Barcelona, o mesmo que lle perxudicou á Arxentina o escésivo crecemento de Buenos Aires.

Vel-equi unha nova proba de què o nazionalismo galego ten cabezoleiros pensadores que estudan os problemas da sua Terra, adiantándose ós das outras, inda que estes sexan do talento e da cultura do Cambó.

A. BERMÚDEZ PEÑA.



**Casa Abarategui-Bonome
Pañería, Lanería, Camisería e Novedades.**

Sánchez Bregua, 3 (Soportales da Praza). - BETANZOS

Galiza e os partidos políicos hespaños.



ANDO s'anuncia que vai haber elecções, toda a podre fedenta da políteca hespaña principia a se-remexere. E coma Galiza polo seu mal, vive asolagada hastros fuciños nesa lameira entroullada; e com' o pobo galego patexa inutilmente nela, buscando ás tentaruxas onde s'agarrar pra sair d'ela, sexa coma sexa, d'eiquí que Galiza resulte a terra de promisión de todol os arribistas políicos de Madrid.

Ús agárranse ás faldras do levisaue dos grandes caciques qu'imperau en Galiza: do Bugallales, dos García Priets ou dos Gassetes; outros veñen a se oferceren coma salvadores aos galegos que están na oposición.

Todos se creen con direito a viren eiquí a faguer políteca: os Melquiades, os Lerroux, os Albas. Todos se creen con direito a falaren eiquí das suas cousas, a oferceren, com' os os chalratans da feira os seus específicos, a qn'a xente lle done creto, a seren aplausados e per riba de todo, a seren bünqueteados. Ao cheiro do lacón e ao cheiro dos votos, veñen todos coma moscas.

E ainda, ao cabo dos anos, os gallegos lles creen todal-as suas argalladas, e van trás d'iles coma pámoxos. Pensau que son ises estranos, ises intrusos os qu'os van librar dos caciques, coma se ises salvadores improvisados non foran os caciques de mañán,

Mal andamos, e agardamos dé Madri a nosa salvación.

A Gasset, ministro liberal do Rei de Hespaña e cacique na Galiza, foron a visitar os agrarios galegos. Unhas das cousas que lie pidiron foi a desgravación do millo nas aduanas. E Gasset tiña prometido xa aos trigueiros casteláns, cando rubiu ao ministerio, que nin un copelo de trigo estranjeiro había entrar na Hespaña. Quen en tal disposición está cos trigueiros, vai desgravar axiña o millo!

A Asamblea agraria de Tuy declarou que pr'os distritos galegos, quería diputados galegos. E os agrarios de Redondela programan candidato seu pol-o distrito a Zulueta, catalán, e catalán renegado, melquiadista, dosque queren loitar en Cataluña contr'os defensores de Cataluña.

A credulidade dos galegos é infinita: fan caso de calquer lampantín, con tal que sexa estranjeiro, ou figure na políteca de Madrid. Achanse sempre dispostos a fartalos de votos e mais de lacón. Ainda os hai que pensan que un cámbeo de ministerio na Hespaña vai facer que s'esborrallen os cacicatos na Galiza. Agora cando rubiron os liberaes, moitos elementos galegos da oposición, puxérónse moi contentos.

E que pasóu? En apariencia, e ollando as cousas pol-a parte d'afora, que baixaron os Bugallales e rubiron os Gassetes e os García Priets. Que mais ten?—En realidá, e ollando as cousas pol-a parte d'adentro, que o Bugallal cederá aos liberaes douz ou tres distritos, por esta vez, respeitándolle as organizacions, e que nada se fará sen o seu consentimento... Xa se sabe n'Ourense os distritos que vai ceder Bugallal. Craro que o Goberno pidelle mais e il non quer, e seica andan n-isos tratos, mais ao cabo, antr'iles todo haver a ben. Pra quen todo ha vir a mal ha ser pra Galiza.

Porque ningúu, ausolutamente ningún dos partidos políicos hespaños fixo endexamais ningún ben a Galiza. Isto está ben probado pol-a esperencia, e os que non sexan parvos teñen que ver qu'iles viñeron de cote eiquí pol-os votos, mais os probremas de Galiza ficaron de cote sen se resolveren. O problema dos foros, ningún políteco hespañol—e os políicos galegos que hai hoxe son políicos hespaños, non son taes políicos galegos—fixo endexamais, nada por resolvelo. Fixérono os labregos galegos por si mesmos, si quixerón, eu moitos lados, nou pagando, mais espoñendose aos embargos, á cadea e mais ás balas da Guardia civil. O problema do millo, igoalmente, sigue sin atender: e un produto qu'o labrego galego precisa ter barato, sigue pagando caro, pra protexer aos cerealistas de Castela. E os camiños de ferro se non fan. E Galiza paga ao Estado hespañol todo o que pode pagar, tanto, que xa non pode pagar mais sen se arruinare. E a maiores, a protección ás industrias d'outros países faulle pagar con sobre precio os panos, os ferrros, o carbón, o trigo, o centeo. E ningúu partido políteco hespañol fixo endexamais por remedialo.

E ningún partido políteco hespañol pode remedialo, porque s'atravesan os intereses d'outros países que teñen mais forza e mais diñeiro. E porque todos ises políicos do poder ou da oposición, que veñen d' Madrid a pesca dos votos e ó cheiro das lacoadas, non saben nada, non saben migalla do que os galegos queren, do que os galegos precisan pra viviren; niuo saben, nin lles importa nada o sabelo.

Ademais, niu podeu, niu saben, nin queren, tampouco servir aos intereses do Pobo galego, porqu'iles pertencecen aos partidos políicos e enantes de nida, áchanse sometidos á disciplina do seu partido, á obediencia do seu xefe. á sombra do que medran, e poden chegaren a Directores xeneraes, ou a Ministros, ou fagueren negocios, ou adiantaren na sua carreira, que é o que queren, e os intereses da Galiza, ou lles teñen seu coidado ningún, ou anque quixeran atendelos algunha vez, pirmeiro está a disciplina do partido e a obediencia ao xefe, e teñen qu'estar ao qu'istes disponan. Porque iles, anque sállan elexitos por un distrito galego, non van ás Cortes a defenderen ao Pobo galego, ou a precuraren os intereses dos seus distritos, senon que van aló pra votaren o que lles manda o seu partido.

Non hai redención, non hai redención, non hai redención pra Galiza en ningún dos partidos políicos hespaños, en ningún dos homes que figuran n-iles, nin nos partidos do poder, nin nos partidos d'oposición, nin nos da direita nin nos da esquerda, nin nos monárquicos nin nos anti-dinásticos. Galiza nada pode agardar d'iles.

Non é oposición galega, nin é rebeldía agraria, nin é dinidade cibladana, a dos galegos qu'andan ao

rabo dos politiqueiros da Hespaña. Todos ises polítecos veñen-nos a roubal-os esforzos que precisamos pra nos redimirmos nós a nós mesmos; veñen a usurpar a nosa vontade; veñen a inutilizal-as nosas ansias de redención e de liberdade. Veñen pol-o seu proveito, non pol-o noso. Son alleos que queren medrar a conta nosa, sen estranjeiros. son intrusos.


E o pobo galego, namentres siga indo ao rabo d'iles com'un rebaño de carneiros, non deixará de ser un pobo d'eslavos.

VICENTE RISCO.

Conselheiro Supremo da I. N. G.

DIAMANTES AMERICANOS

REAL, 24.—A CRUÑA



A casa máis importante de **ÓPTICA** da Galiza

ENVÍOS CERTIFICADOS A PROVINCIAS

CATÁLOGOS GRATIS A QUEN OS SOLICITE.

¡Que tódolos aldraxes sexan eisi!

Nós lembrámonos ben que o chorado Leonardo Rodríguez, n'un xesto de dinidade, deixou a presidencia do "Centro de Galicia," de Madrid, pra a que o elixiran, dicindo que él non quería faguer de cabezoleiro de casas de xogo.

Pois agora resulta que o ministro da Gobernación pechando o "Centro de Galicia," por ser casa de xogo, cometeu un novo aldraxe contra da nosa Terra.

¡Que tódolos aldraxes foran coma iste! Porque eisi evitariase que se botara man do nome da patria, polos galeguinos da vila podre, pra tapadeira d'un negocio porco.

Si non se pode sostener en Madrid un Centro coma os das Américas e de Portugal c'os cuotas dos socios — e hai na vila podre mais de cincuenta mil galegos que, dando, uns con outros, unha peseta ó mes faguerian a sociedade modelo — que non haxa ningún.

Porque o autual mais serve pra nos pór no ridículo que pra outra cousa. O mesmo que o de Barcelona.

¡Díganos os probes labregos que foron c'o seu gando á Exposición da "Asociación de ganaderos del Reino," e a quenes disprecianon o "Centro de Galicia" mentres tiveron agasallos pra uns galegos de nome, e pra algunas mulleres rexoubadoras que berraban ¡Terra a nosa!

O "Centro de Galicia," sociedade con entrada libre pra cantos vaian con cartos pra o tapete verde, sexan d'onde queirán, fixo ben o ministro da Gobernación en pechalo, coma pechou o burgalés e outros más.

E si Leonardo Rodríguez vivise opinaría coma nós.

A P A T R I A

A Patria é a Terra-nai que nos dona todos os elementos da nosa vida, crixol onde se funden o corpo e a i-alma da Raza: as leis, tradicións, cantigas, costumes, fala...

A Patria son nosos abós de quen herdamos o sangue das nosas veas; somos huxe nosoutros mesmos, han sere mañán os nosos descendentes, os nosos fillos • os nosos netos.

A Patria é a lingua enxebre, expresión do noso traballo, voz da i-alma da Raza que añuda a tódolos galegos que foron, os que son e os que serán, c'o vencello de ouro da mesma parola, do mesmo pensar e do mesmo sintire.

A Patria galega é unha cousa xurdia, certa e verdadeira; é a Terra formosa cal non outra. E a Raza céltiga do porvir sonril e lúmioso. E a Lingua da armoña, bandeira giroiosa da nosa cultura e libertade.

A Patria é toda a vida do home, dende o berce a cova. O amore á Terra onde un foi nado é a outa virtude que chœs tódal-as más virtudes.

VICTORIANO TAIBO,

REXURDIMENTO dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela.

NÓS

BOLETIN MENSUAL
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redaición.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS.

LIBRERIA GALEGA

NÓS.—Boletín mensual ilustrado da cultura galega, órgao da Sociedade «Nós»
Direitor, VICENTE RISCO, (Praza do Ferro, 6, ORENSE).
Pódese pór, pra o noso orgullo, en comparanza c'osas millores revistas europeias.
(Suscripción anual, 6 pesetas)

CÉLTIGA.—Novela semanal ilustrada: unha das millor persentadas da Peninsua.
Direitor, XAIME QUINTANILLA. (Praza de Dolores, FERROL.)
Números publicados: **Saudade.**—**Os catro cisnes brancos.**—**Almas mortas.**—**O novo Xuez.**—**Axúdate e O Manciñeiro.**—**A Costureira.**—**Un ollo de vidro.**—**A y-alma de Mingos.**—**Terra e Raza.**
(Suscripción anual, 4 pesetas. Número solto, 30 céntimos.)

VOLUMES APARTE DA «EDITORIAL CÉLTIGA»

«**Além**» comedia de Xaime Quintanilla. «**Mal de Moitos e Trato a cegas**», parrafeos tea traes de Charlón e Hermida. «**Doutrina Nazonalista**», de Ramón Villar Ponte.
No prelo: «**Hestoria de Merlin**», de Vicente Risco, e outras.

POESÍA.—**Vento Mareiro**, de Ramón Cabanillas.
Abrente,—de Victoriano Taibo.
D'o Ermo, de Noriega Varela.
Alento da Raza, de López Abente.

QUÉRE FACER ECONOMÍAS?

MERQUE NA CASA

ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquete-
ría, Camisería, Lencería e demás
tecidos.

Sánchez Bregua, 3 (Soportás d'a Praza).



ZAPATERIA DO CANTÓN

A que máis surtido ten.
A que máis barato vende.
Compre vostede ali.

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas

(SUCESSOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS

É a millor, máis céntrica i-económica da cidade.
Visítene os señores viaxeiros e convenceránse

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecemento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

R. MONTES

Quatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS
PRECIOS FIXOS

CONFITERÍA

Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárregos.

H. LA CORUNESA
ESMERO I-ECONOMÍA
Valdoncel, 18, BETANZOS

Dr. López Pardo

Especialista nas doenças da pel, sifiliticas
e venéreas.

Consulta de 11 a 1 e de 4 a 6.

Castelar, 10

LUGO

SECIÓN OFICIAL

ORGANIZACIÓN

DOS CARNETS

Por acordo da IV Asambleia, todo irmau nazonalista terá que provistarse d'un Carnet d'identidade, o cual será preciso pra ter voto na elección de Persoeiros prá Asambleia, pra ser persoeiros na mesma, e mais pra ter cárrego no Consello d'unha Delegación.


Os irmaus afiliados antes do día 18 de Febreiro de 1922, data d'Asambleia, no qu'isto foy acordado, poderán pedir o devandito Carnet o Conselleiro Supremo, por conduto do primeiro conselleiro da sua Delegación.

Os qu'ingresaren dempois da data espresada, nono poderán pedir, deica que, pasando un ano do seu ingreso, foran habilitados pol-a xunta xeneral da sua Delegación pra teren voz e voto e desempeñaren cárrego na mesma.

O Conselleiro Supremo poderá conceder ou denegar istes Carnets os que además, terán que ser visados por il todolos anos.

O Carnet custará 5 pesetas e outras 5 o visado anual. Non se despachará ningùn Carnet, nin se devolverá visado, sin qu'enantes se faga o ingreso dos expresados direitos.

Os Carnets áchanse a disposición dos Irmaus nas oficiñas da xefactura, n'Ourense. E vindo xa posto a data da Asambleia anual, faise saber aos irmaus pra que bulan a pedilos, pr'ós teren o mais aixiña posibel.



BETANZOS.—Novo matadeiro público,

SARNA

(SIN BAÑO)

—¡Ay canto me pica a sarna
Inés do meu corazón.
—Eso cúrase, ten calma:
merca ESTEAGENOL LAFONT.

E o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes». Sólido. Olor grato. 1'50 ptas. en todal-as Farmacias e Droguerías d'Hespaña e Norte d'Africa, e na Farmacia da Vda. Lafont, Cantón Grande, 39. BETANZOS.

REXURDIMENTO

Saiu o órgao da I. N. G. que se chama *Rexurdimento*. Os rapaces nazionalistas de Betanzos foron os qu'atoparon iste nome ben expresivo da nosa actualidade: o rexurdimento galego é o feito autual da Galiza.

Iste feito xa imposibel d'atallar do noso rexurdimento é o que compre programar por frente a todos. Hémolo programar nós, nós mesmos, con verbas e con feitos.

E ós gallegos que hai, mesmo nazionalistas, qu'están demasiado atentos ó que fóra, ainda en Madrid pensen de nós, os qu'agardan pra se confirmaren na ideia de que Galiza rexurde, a qu'os homes d'afóra reconñezan o noso rexurdir e falen d'il, hai que dicírles que somentes os rebeldes poden formar nas nosas fías.

Os verdadeiros nazionalistas gallegos levamos dentro de nós mesmos unha certidume, unha fé tan forte, tan crara, tan intrépida, que podemos oponela viutoriosamente contra todal-as negacíos, contra todal-as dúbidas, contra todal-as sonrisas de desdén de todal-as graves facianas pensadoras dos qu'están frenete de nós.

O nazionalismo galego é unha afirmación, é a afiración cráia e sin volta que s'espresa na verba *Rexurdimento*, qu'erguemos feraamente, com'unha bandeira de rebeldía, síntese de todos los sentimientos de rebeldía de Galiza.

O nazionalismo galego é, contr'ó caciquismo e contr'ó Estado, un *alzamento*; e contra a civilización castelán e contr'os seus valores, un *desafío*.

Vicente Risco.

PEQUENOS ENSAIOS

OS NOVOS VALORES

Cada valor enxebre que se cría ou se restaura, é unha nova aportación vital que s-incorpora a persoalidade nazonal e vigoriza os dintornos espirituales da Terra.

Eiquí tomamos a verba *valor* no senso de propiedade cualitativa e diferencial, de dimensión específica do ente, que é, no noso caso, Galizia.

Mais todo novo valor galego non é fecondo i-eficiente, entramentras se non impón, entramentras se non socializa, informando os costumes do povo.

De onde se xeneran, coma duas fases sucesivas e comprementarias, a estática e-a dinámica dos valores, ou d'outro xeito, a sua xes-tación e-a sua acrimatación o meio.

Esta división orixina paralelamente outra, con relación a crás d-aitividade do suxeto: homes de produción sedentaria dos valores e homes de proyección militante e pedagóxica dos valores.

As duas crás d-homes e valores han d-eisis-tire en toda nazón viva pra poder donarlle unha cultura propia e-a concencia d-isa cultura:

V. PAZ ANDRADE.

ZAPATERIA E SOMBRERERÍA

COLON

Importazón direita das mellores fábricas d'Hespaña.

CANTÓN GRANDE

BETANZOS



O MELLOR HOTEL DO FERROL IDEAL ROOM GRAN CONFORT

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacès de tecidos e móbiles
Sánchez Bregua, 2 e 13
Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla
Plaza d'Arines, 32.

— BANCOA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

PAQUETERÍA-QUINCALLA

El Gato Negro

PRECIO FIJO

JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

—
FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cocciña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—BETANZOS.

LXI MODERNIA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS

E AUGAS DE SELTZ

ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA

PRECIOS SIN COMPETENCIA

Manuel V. Gómez

CASCAS.—BETANZOS.

Orxia cortesán

Galego, meu bo galego
que sudas na veiga a fio
e soltas sin dar un chio
canto se quere de tí,
deixa os terrons que te poñen
mais prebiño que as arañas.
¡Ven á Corte das Hespañas,
galego! ¡Ven a Madri!

Verás que vida mais boa,
sin reparar en diñeiro,
a que pasa o teu foreiro.
¡Eche un alabar a Dios!
¡Verás con que señorío
teu ilustre diputado
guinda o diñeiro arrincado
á dór das contribuciós!
Non agardes que te escoite
nin lle pidas que se acorde
de que o consumo te morde
e de que o foro te roi.
Para soster o bandallo
que chupa como unha palla
cada noite fanlle falla
os cartos que cuesta un boi.

Mientras tí como un bendito
triste probe e risiñado,
turras e turras do arado
sin lle dar repouso á mau,
en Madri xogamos, rimos
no cabaret, na ruleta
ou bebendo si nos peta
un cabazo de champán.

Ven a Madri, bo galego,
e verás como a “Fulana”
do teu amo en Parisiana
baila o tango e o “foxtró”
fuma xarutos exicios
e xoga ó trinta e corenta
e lambe bonbons de menta
e se apipa de “contró”.

Ramón Cabanillas.

ADEMINISTRACIÓN DE REXURDIMENTO

Praza dos Irmaos García Naveira, 22, BETANZOS

Dirixirse a Paulino Naveira.

REXURDIMENTO

2.ª ÉPOCA

ORGÃO DA
I. N. G.

1923

O PROBLEMA DO GALEGO



herencia ó longo das xeneracións, perfeiciona pra a lingua patria, ises ademirabres engranaxes que xamáis poden formárense igoaes cando a educación os improvisa ó deprender unha lingua estranxa. Nosa i-alma prefire sempre os da súa raza.

Endeben; na Galiza, andan duas línguas a se simultanearen: a propia e a de Castela.

Pois si por un erro educativo é un soilo dos dous mecanismos que traballan no xermolo das parolas castelás e galegas, o que actúa, sendo duas as línguas que pol-a nosa sorte abrangüemos, o esquecido aferrullarase como as pezas d'unha máquina sen uso. Conilo sofre forzosa mágoa nosa produción psíquica, por privare voluntariamente o espírito d'un dos mecanismos expresivos, ceeais do que pol-a herenza millor axeitado tiñamos pra producire.

Velhai o problema prós gallegos.

Doutor Miguel Gil Casares
Médico,

A parola é o elemento esencial na formación intelectual do home. Toda representación, toda imaxe xurde supeta d'un continxente verbal. ¡Qué confusión non ten de se faguere nos tenros miolos dos nosos meniños—en col de todo nos das aldeas—ó sentiren falar ó escolante n'un idioma diferente do familiar, do que iles levan drento de si!

Si no orde espiritoal e unha profanación, pedagóxicamente é un fondísimo erro.

Si teñen dreito os gallegos á lingua galega, téñenlo tamén á escola galega e ó escolante galego. É un dreito natural que trunfa de tódalas leis escritas.

A imposición da escola primaria castelán, é un atentado continuo e criminoso ó dreito dos nosos fillos; poncos en xeito de homillante inferioridade, e fai, pouco menos que imposible, a percisa compenetación entre a escola e a familia. ¡Termen d'isto os nobres patrianos das Soeñadas de Instrucción das Américas!

Decátense de que do antagonismo entre a lingua propia e a lingua da escola primaria—oficial ou privada—xurde undos xeitos do analfabetismo da Galiza. Son moitos os gallegos que fono á escola e non saben escribiren o galego nin o castelán.

A escola galega non trai desbotar do noso insiño o castelán. Sinifica o insiño do castelán por medio do galego.

E. Castiñeiras Díaz.
Escolante.

¿Vosoutros tedes asistido a algun xuizo oral n'algúnha das nosas audiencias? Pois ó declararen os testigos ollariades como era ausolutamente imposible unha intelixencia entre os perguntantes e elos. Ise feito amostra duas inxusticias.

I.º Inxustiza de eisixir que entenda o castelán e respon-

da n'él un suxeito a quen o Estado non facilitou escola pra que o depreverdese.

2.º Inxustiza de non eisixir o Estado ós seus funcionarios (xueces, notarios, etc.) que conezan o verbo no que ten de expresar o seu pensamento e a sua vontade o pobo onde ises empregados exerzan os seus cárregos.

E non val decir que a tradución amaña a custión, porque fora de que os maxistrados són tan finchados e fachendosos en xeral que non iles colle na chola que un home a quen eles non entenden non os entenda a eles, a tradución literal non serve pra mostrar con xusteza o pensamento e a vontade.

Que os nosos xueces e notarios, seipan o galego, e, pois, • menos que temos que pedire sehan ser garantía de xustiza e fidelidade.

Do nunca esquecido,
Lois Porteiro.

Este boletín, sostido pol-a "Irmandade Nacionalista Galega" é pra espallar gratuitamente.

Abonda con solicitalo a calquera das Delegacións da I. N. G.

Ninguén, poriso, dubidará de que ha resultar o mais lido na Galiza e nas colonias galegas de todo o mundo, tanto por se dare gratuito coma pol-a autoridade dos seus colaboradores, os primeiros artistas e intelectuaes da Terra.

Percisamos, pois, un mozo enxebre pra representante de "Rexurdimento" en cada vila galega e en tódalos sociiedades agrarias.

Predicare o Santo Evanxelio, espricarles a doutrina en castelán ós nosos labregos e ós nosos mariñeiros, e o mesmo que encher de auga un carabelo. E falar pra o negro do sermón. Perde o tempo,

Soilo conseguiremos evanxeizar os cregos gallegos cando imitemos ós cregos cataláns e bascos das aldeas.

N'isto si que non temos perdón de Deus

Porque namentras poden vir escolantes, notarios e xuecas casteláns á Galiza—cousa que debérase evitare—os cregos dos nosos Bispados todos son d'eiqui, da Terra.

¡Meus irmáns na Irexia e no enxebri-mo: prediquemos en galego, criación de Deus, na fala na que o Rei Sabio coidou mas dina pra lle cantare a Nosa Señora e na que Pedro de Mesonzo compuxo ou pensou a Salve que logo verteu ó latin! Prediquemos na lingua dos nosos

petrucios—na que usamos no fogar—que é expresión dos nosos costumes e da honradez, capaz de servirnos de barreira contra dos libertinaxes que tran á aldeia os que se coidan sabidos por andaren mundo

M. Piñeiro.
Abade.

A nosa Terra áchase poboadá por 2 millóns cinco centos mil habitantes. Catro centos mil viven nas vilas. O resto son aldeán e mariñáns. Nas vilas más de trescentos mil falan ou conocen o galego. E todalos labregos e mariñeiros usan pr'a sua vida e o seu traballo a lingua patria. ¿Que é msis doado? ¡Desenrolar unha cultura na lingua de case todos—lingua propia e natural—ou na lingua allea imposta á forza e conocida dos menos? ¡Que e tamén msis dino? ¡Inda esquecendo que eisiste unha lingua irmá—a portuguesa—que falan mais de 30 millóns d'as almas nas cinco partes do mundo!

A. Villar Ponte.